

# Entidades e Asociacións Culturais

## CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

La actividad de la Coral en el año 1993 comenzó con la Junta General Ordinaria, en la que se hizo un informe por parte de la presidencia, se expuso el estado económico de la Sociedad por la Tesorera y salió reelegido Presidente José Díaz Germade, quien eligió como Vicepresidenta a Carmen Campillo Casal; Secretario a Enrique Gómez Iglesias; Tesorera a Pilar González de Pedro; Vocales a María Cabanas Balado; Elvira Martínez Couceiro y José Manuel López Castro.

### ACTUACIONES:

Se realizaron 33 actuaciones: 16 en Betanzos y 17 en: Bergondo, Carballedo (Orense), Catedral de Santiago, Cordeiro (Pontevedra), Lugo, Mera, O Cebreiro (Lugo), Paderne, Pontevedra, Portomarín (Lugo), Samos (Lugo) y Tapia de Casariego (Asturias).

### INTERCAMBIOS CULTURALES:

Se realizaron intercambios con: El Orfeón de Gondomar (Portugal); con la Coral de Tapia de Casariego (Asturias); con la Coral de Mera y con la Coral de Riveira.

### ACTIVIDAD CULTURAL:

-En Marzo: ACTOS CONMEMORATIVOS DEL XXIV ANIVERSARIO DE LA CORAL:

-Exposición de Artesanía Gallega de Cerámica de Bonxe (Lugo) y varias demostraciones de alfarería.

-Concierto de la Coral Sporting Club Liceo de la Coruña.

-Teatro: Grupo "Valentín Lamas Carvajal" de la ONCE.

### FIESTA DE LA PRIMAVERA:

-Actuación por las Calles de la Ciudad de la Escola de Gaitas de S. Pantaleón (Paderne).

-Reparto de flores a damas y señoritas con motivo de la Primavera.

-En Abril: Pregón de Semana Santa:

-Fue pronunciado por M<sup>a</sup> Pilar Wirtz Molezún, Provincial de la Compañía de María.

-Concierto de música sacra por la Coral Polifónica de Betanzos.

-En Mayo: Exposición fotográfica: EL GLOBO DE BETANZOS.

Exposición de Fotografías, artículos, trofeos, recuerdos, utensilios y medios que se usaron para la confección y elevación del Globo de Betanzos, en homenaje a **D. Claudio Pita Pandelo**, gran promotor de esta tradición, con motivo del 60 aniversario de su muerte.

-En Julio: Jira a los Caneiros.



*Don Claudio Pita Pandelo*

-Jira en Lanchas engalanadas por el Río Mandeo hasta el Campo de Os Caneiros, con música, sorteos, concursos, etc.

-En Agosto: Concierto de verano:

-Actuación de las Corales de Riveira y Betanzos, en intercambio cultural y con motivo de las Fiestas Patronales.

-En Septiembre: CAMINO DE SANTIAGO:

-Recorrido del Camino Francés en Galicia: Pedrafita, O Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Portomarín, Palas de Rey, Melide, Arzúa, Monte do Gozo y Santiago.

-Misa del Peregrino en la Catedral de Santiago, cantada por la Coral Polifónica de Betanzos.

-En Noviembre: XXV FESTIVAL SANTA CECILIA, con la siguiente programación:

-Concurso literario juvenil: Participaron 92 jóvenes y niños.

-Exposición y demostraciones de vidrio soplado.

-Fiesta tradicional del Magosto

-Música folk a cargo de "Luar na lubre".

-II Ciclo Cultural de Vídeo, con temas sobre As Mariñas y Comarca: O Río Eume; Ver para Oír; O Camiño Inglés.

-Música Sudamericana, Tangos: Por Roberto Monteverrey (argentino).

-Concierto de Guitarra Clásica: por Francisco Diego Valero Agulló, de Madrid y miembro de la ONCE.

-Homenaje en agradecimiento por su colaboración a la Excmo. Diputación de La Coruña.

-Misa Solemne, cantada por la coral en honor a Sta. Cecilia, Patrona de músicos y cantores.

-Teatro: Compañía Arre Produções. Obra: Directamente Paco.

-Teatro: Agrupación Teatral Coruñesa: Obra: Melocotón en almíbar.

-Concierto Festival Brigantino, con las actuaciones de:

-Coro del Grupo de jóvenes "Lanzós".

-Agrupación Musical "Carlos Seijo".

-Coral Polifónica de Betanzos.

-Concierto: por la Coral del Casino de Carballiño (Ourense)

-Concierto: por la Banda Municipal de Música de Betanzos.

-Concierto de música de cámara, por el Cuarteto "Wihan" de Praga

-En Diciembre: NAVIDAD:

-Actuación y obsequios para las niñas del Colegio de Educación Especial Ntra. Sra. del Sagrado Corazón de Betanzos.

-Actuación y obsequios para las personas mayores de la residencia de ancianos de Betanzos.

-Misa de Nochebuena, cantada por la Coral.

-Concierto de villancicos:

-Coro "Vientos ledos" de Cambre.

-Grupo "LANZÓS" de Betanzos.

-Coral Polifónica de Betanzos.

*La Junta Directiva*

## "SOCIEDAD RECREATIVA, CULTURAL Y DEPORTIVA DE BETANZOS"

El año mil novecientos noventa y tres fue de continuidad. Se sigue con la línea de actuación que viene de años precedentes.

Con la aprobación de la gestión de la Junta Directiva, en Asamblea celebrada en el mes de enero, empieza una nueva andadura que se puede caracterizar por la consolidación de la vida de la Sociedad. En la misma Asamblea se hace la presentación de la Junta Gestora, constituida de la forma siguiente:

*Presidente: D. Pedro Juan Galán Teijeiro*

*Vocales: D. Jorge Juan Pereiro Lendoiro*

*D.ª M.ª del Carmen García Sánchez*

*D. Enrique del Río Noguerol*

*D. Ricardo López Vidal*

En la citada Asamblea, el Sr. Presidente en funciones, D. Antonio Gómez-Iglesias Casal, agradece la sinceridad, críticas y el apoyo que la Junta Directiva saliente ha tenido de los socios, al tiempo que pide apoyo para la Junta Gestora.

Las actividades realizadas durante este año se relacionan suavitamente:

### **ENERO:**

-Se continúan los campeonatos oficiales de Hockey sobre patines, en los que participan los equipos de la Sociedad en las categorías de juvenil y alevín.

-Participación de un equipo de la Sociedad en la liga provincial de Ajedrez.

-Continúan los campeonatos de tute y dominó.

-Se reanudan después del parentesis de Navidades, los cursos de ajedrez, gaita gallega, manualidades y pintura al óleo para adultos.

### **FEBRERO:**

-Se celebra el baile de carnaval para adultos con la asistencia de unas 650 personas y que tuvo lugar en la Sala Rey Brigo el lunes de carnaval.

-El domingo de piñata se celebró la fiesta infantil de carnaval con el montaje de un parque infantil a cargo de Infantilandia; con la asistencia de alrededor de cuatrocientos niños.

-Comienzan por primera vez cursos de patinaje para niños/as a partir de tres años de edad.

### **MARZO:**

-Continúan los cursos y competiciones.

-En Asamblea General Extraordinaria del dia 5 se procede a la votación de la única candidatura a presidencia, quedando nombrado presidente D. Pedro Juan Galán Teijeiro.

### **ABRIL:**

-Continúan los cursos y actividades.

-En Asamblea General Extraordinaria se hace presentación del resto de los miembros que componen la Junta Directiva que, previa aprobación, queda constituida de la siguiente forma:

*Presidente: D. Pedro Juan Galán Teijeiro.*

*Vicepresidente: D. Enrique del Río Noguerol.*

*Secretaria: D.ª María del Carmen García Sánchez.*

*Vicesecretario: D. Ricardo López Vidal.*

*Tesorero: D. Jorge Juan Pereiro Lendoiro.*

### **MAYO:**

-Continúan los cursos y competiciones.

-El día 11, dentro de los actos del "Día das Letras Galegas", tuvo lugar una conferencia a cargo de D. Víctor F. Freixanes, que versó sobre "Eduardo Blanco Amor e o rexurdimento da narrativa galega"; con notable éxito de asistencia.

### **JUNIO:**

-Continúan los cursos y competiciones.

-El día 5 se celebra en la pista Rey Brigo la tradicional cena-baile de la Sociedad, amenizada por una afamada orquesta.

-Participación por méritos propios en la fase final de la liga provincial de Hockey sobre patines, categoría juvenil, en la que se obtuvo un meritorio segundo puesto.

-Excursión a Asturias de dos días de duración, visitando Luarca, Cangas de Onís, Covadonga, Gijón, Oviedo y Taramundi.

#### JULIO:

-Durante todo el mes se realizó un curso de manualidades para niños, de lunes a viernes.

-Celebración de la tradicional fiesta de verano "Sardañada", con numerosa asistencia.

-Exposición de trabajos realizados por los alumnos de los cursos de manualidades y pintura al óleo para adultos, en una sala del local social.

#### AGOSTO:

-Exposición de trabajos realizados por los alumnos asistentes al cursillo de manualidades para niños, en una sala del local social.

-Encuadrado dentro de las fechas de las Fiestas Patronales de Betanzos, y en colaboración con el Excmo. Ayuntamiento, se organizó la XIV edición del Campeonato de Ajedrez Ciudad de Betanzos, con participación de maestros, tanto españoles como extranjeros.

#### SEPTIEMBRE:

-Durante este mes se hace la programación de cursos a impartir para el periodo 1.993-1.994.

#### OCTUBRE:

-Comienzan a impartirse los cursos que, coincidentes con el calendario escolar, son los siguientes:

- Manualidades
- Ajedrez
- Gaita Gallega
- Pintura al óleo (adultos)
- Dibujo y pintura al óleo (infantil)
- Fotografía
- Patinaje de iniciación

-Excursión a O Grove con motivo de la celebración de "A Festa do marisco".

-Durante los días 9 y 10, celebración del concurso fotográfico "Betanzos FOTO 93", sobre el tema Betanzos de noche.

#### NOVIEMBRE:

-Continúan los cursos y se inicia la participación en las competiciones de Hockey.

-Celebración del "Magosto".

-IV Jornadas de Cine con la proyección de tres películas de calidad contrastada:

- "Belle Epoque"
- "Il ladro di bambini"
- "El río de la vida"

-También tuvo lugar una exposición de los trabajos seleccionados relativos al concurso fotográfico Betanzos FOTO 93.

#### DICIEMBRE:

-Continúan los cursos y competiciones.



Primer premio del concurso fotográfico  
FOTO 93. Autor: Carlón.

-Charla demostración de adornos navideños a cargo de la profesora que imparte los cursos de manualidades y pintura al óleo.

La Junta Directiva

## AGRUPACION MUSICAL "CARLOS SEIJO"

#### XANEIRO

Día 3: Actuación na Residencia García Irmáns, dentro do programa de festas de Nadal, organizados polo Concello de Betanzos.

#### MAIO

Día 20: Actuación na Aula Municipal de Cultura de Betanzos organizada pola Asociación de Amas de Casa e dentro dos actos programados con motivo do "Día das Letras Galegas".

#### XULLO

Día 17: Actuación en Miño, organizada pola Agrupación Cultural "O Castro" desa localidade e dentro do programa de Festas do Carme, concerto que foi patrocinado pola Deputación.

#### AGOSTO



Día 6: Actuación en Perbes (Miño), organizada pola Asociación de Veciños "Xario" e correspondente ó acordo de actuacions suscrito entre a Agrupación Carlos Seijo e a Deputación.

#### **OUTUBRO**

Día 23: Actuación no Salón de Actos do Centro Social Sagrada Familia da Coruña e dentro do IV Festival de Rondallas, organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil de Santa María de Oza, desa cidade.

#### **NOVEMBRO**

Día 26: Concierto na Aula Municipal de Cultural de Betanzos, dentro do XXV Festival de Santa Cecilia, organizado pola Coral Polifónica de Betanzos, acto no que actuaron as dúas colectividades.

#### **DECEMBRO**

Día 11: Actuación en Elviña (A Coruña), no Festival organizado pola Asociación "Tempo Novo", desa localidade.

Día 16: Concierto na Aula Municipal de Cultura, organizado polo Concello brigantino, dentro do programa de Festas de Nadal e Ano Novo.

Día 18: Actuación en San Juan de Filgueira (Ferrol), dentro dun Festival de Nadal, organizado pola Asociación de Veciños de San Juan de Filgueira, da localidade Ferrolá.

#### **XANEIRO**

Día 2: Actuación dentro da "Xornada de convivencia cos nosos maiores", na Residencia García Irmáns, organizada polo Concello de Betanzos.

*A Xunta Directiva*

### **ASOCIACION DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"**

#### **XANEIRO**

Tódolos luns, curso de pintura impartido por D. Manuel Anido Somorrostro.

Tódolos martes, curso de Tapices, impartido por Dona Gladis Baldoni.

Tódolos xoves, curso de Manualidades, Tridimensionais, Pasta Rusa, pintado en Tea, etc. impartido por Dona Esther Prado.

Os venres, curso de Bolillos, impartido por Dona Carmen Tages.

Día 27: Desmostración técnica de Centros Frorais, con frores secas e naturais, impartido por Dona Lourdes Barros Rocha.

#### **FEBREIRO**

Pintura os luns, Tapices os martes, os xoves Manualidades e os Venres Bolillos.

Día 3: Charla da Farmacéutica e Directora do Centro de Drogodependencia da Coruña, Dona Rosa Otero, sobre "El SIDA en la sociedad".

Día 10: Demostración de Cociña de Antroido por Dona Esther Prado.

Día 18: Laconada no restaurante "La Cueva" con concurso de disfraces e premios ó máis orixinal.

#### **MARZO**

Pintura os luns, Tapices os martes, os xoves Manualidades e os venres Bolillos.

Día 10: Conferencia a cargo do Dr. Dionisio Vázquez Villarreal, Xinecólogo, acerca de "La situación de la menopausia".

Día 17: Venda de billetes para ir á fábrica de Calvo.  
Día 24: Demostración de Cociña.

#### ABRIL

Pintura os luns, Tapices os martes, os xoves Manualidades e os venres Bolillos.

Día 15: Curso de Cociña.

Días 20 e 28: Charlás de Consumo organizadas pola Oficina Municipal de Consumo e realizadas na Aula Municipal de Cultura. O día 20 o tema a tratar foi: "Los derechos y deberes del consumidor OMIC", e o día 28 "Reparación de electrodomésticos"

Día 21: Conferencia sobre "La diabetes", a cargo do Dr. Endocrinólogo D. Segundo Jorge Méndez.

Día 22: Venda de billetes para unha viaxe a Portugal.

Día 28: Viaxe a Portugal.

#### MAIO

Pintura os luns, Tapices os martes, os xoves Manualidades e os venres Bolillos.

Días do 1 ó 5: venta de billetes para a viaxe a Salamanca.

Día 13: Curso de Cociña.

Día 19: Venda de billetes para ir a Cambados.

Día 20: Conferencia, por mor do Dia das Letras Gallegas, a cargo de D. Pedro de Llano, "Bocelo", periodista e escritor. O acto tivo lugar na Aula Municipal de Cultura coa colaboración do Concello de Betanzos.

Día 24: Viaxe a Cambados.

Días 26 e 27: Viaxe a León, Alba de Tormes e Salamanca.

#### XUÑO

Pintura os luns, Tapices os martes, os xoves Manualidades e os Venres Bolillos.

Día 15: Venda de billetes para a viaxe a Espenuca.

Día 18: Inauguración no "Liceo" da exposición de tódolos traballos realizados polas amas de casa.

Día 19: Excursión de Fin de Curso a Espenuca.

Día 24: Festival de Ballet na Aula Municipal de Cultura.

#### OUTUBRO

Curso de Pintura os luns, Tapices os martes, Frores Secas os mércores, os xoves Manualidades e os venres Bolillos.

Día 20: Charla sobre cuidados do cabelo e do cutis, por Dona Conchi Parga, coñecida peluquera da nosa localidade.

Día 28: Curso de Cociña.

#### NOVEMBRO

Pintura os luns, Tapices os martes, curso básico Frores Secas os mércores, os xoves de Manualidades e os venres de Bolillos.

Día 4: Misa de Defuntos polas socias e familiares falecidos, na igrexa de Santo Domingo.

Día 10: Conferencia a cargo do Dr. Fernando Pousa Real, especialista en ciruxía plástica, sobre "Las quemaduras y los primeros auxilios".

Día 11: Venda dos billetes para a viaxe á Coruña.

Día 16: Viaxe a unha fábrica de peles na Coruña.

Día 18: Curso de cociña.

Día 24: Proxección de diapositivas acerca da viaxe ó Betanzos de Bolivia, de Javier Ares García.

#### DECEMBRO

Curso de Pintura os luns, de Tapices os martes, curso básico Frores Secas os mércores, os xoves de Manualidades e os venres de Bolillos.

Día 16: Coa colaboración do Concello, conferencia na Aula Municipal de Cultura, a cargo de D. Alejandro Barral Iglesias, Coengo Presidente do Cabido e Director do Museo da Catedral de Santiago.

Día 19: Concurso de Panxoliñas na Aula Municipal de Cultura, coa participación de tódolos nenos que o desexaron.

Día 22: Curso de Cociña de Nadal.

*A Xunta Directiva*

## CRUZ VERMELLA XUVENTUDE 1.993

#### XANEIRO:

-Campaña de recollida de xoguetes (ata o dia catro)

#### FEBREIRO:

Día 13: Obradoiro de saude .

#### MARZO:

-Campaña informativa "Contra o racismo e a xenofobia" (duración: todo o mes)

Día 6: Actividades lúdicas no Colexio "Sagrado Corazón".

Día 27: Excursión a Sobrado dos Monxes .

#### ABRIL:

Día 2: Reparto de alimentos.

Día 17: Obradoiro de saúde: Análise de alimentos.

Día 24: Xogos cooperativos no Colexio "Sagrado Corazón".

#### MAIO:

Día 1: Día da bandeiriña.

Día 22: Obradoiro de barro.

#### XUÑO:

Día 5: Día mundial do medio ambiente: Saída a Chelo.

Día 12: Roteiro pola península do Barbanza.

Día 16: Conferencia do fisioterapeuta D. José M<sup>a</sup> Peireiro "Termalismo e balnearios".

Día 27: Saída a Fraga do Eume.

#### XULLO:

-Campamentos de verán en Laxe (A Coruña).



*Voluntarios da Cruz Vermella traballando nun "taller da natureza".*

-Durante os meses de Xuño e xullo recolléroneis libros e material pedagóxico para o Betanzos de Bolivia.

**SETEMBRO:**

-Xogos lúdicos-pedagóxicos no Colexio "Sagrado Corazón".

**OUTUBRO:**

-Cursiño de primeiros auxilios (16/23).

**NOVEMBRO:**

Día 6: Obradoiro de papel "maché".

-Construcción de caixas-niño (13/20).

Día 21: Reparto de alimentos.

**DECEMBRO:**

Día 11: Xogos cooperativos no Colexio "Sagrado Corazón".

-Recollida de xoguetes (dende o día 1).

A dirección comarcal de Cruz Vermella Xuventude está formada por:

*Director: Francisco Antonio Martínez García.*

*Secretaria: Mercedes Casanova Díaz.*

*Vocales: Alberto Amor Buyo.*

*Elisa Fernández Casanova.*

*Angel F. Fernández Martín.*

*A Dirección Comarcal de  
Cruz Vermella Xuventude*

## O Teatro en Betanzos

No transcurso do ano 1993 a presencia de Betanzos na escena teatral reducese a dúas representacións, ámbalas dúas dirixidas pola profesora de E.X.B. no colexio Vales Villamarín, Olga Patiño, integrando o programa de actos que o Concello betanceiro organizou para a celebración das LETRAS GALEGAS.

O día 21 de maio presentouse pola mañá na Aula Municipal de Cultura, con asistencia de moitísimo público infantil e outros que, desgraciadamente, xa non o eramos, o GRUPO TROULA-2, representando o AUTO DO MAIO ESMAIOLADO, do que é autor Manuel María, quen naceu en Outeiro de Rei, na Terra Chá o 6 de outubro de 1929, "día de San Bruno, un santo terrible, fundador da Cartuxa. San Bruno foi un home inimigo da palabra, pois ós freires da súa régoa impúxolle un silencio para min inexplicable." Así se manifesta el en certo libro. Empeñándose en levarlle a contra ó santo saiu un magnífico e prolífico escritor e un engaiolante e infatigable conversador. Un perde a noción do tempo tanto lendo os seus inefables libros como oíndo as súas cativadoras verbas, ben sexa na faceta de ameno conferenciante, na de magnífico



rapsoda ou simplemente nun vis-a-vis, arredor dunhas cuncas de bo viño galego ou duns vasos de rioxas, reserva do 82 ou do 87.

A obra é moi breve e pon de manifiesto a chegada da primavera e, con ela, a ledicia de vivir e o goce do amor, sendo representada polos alumnos do referido Colexio que a continuación se relacionan: Elena Marzáñ Roche, Paula Morais Vicente, Aria López González, Mónica Maceiras Varela, Lucía López Rodríguez, Víctor García García Sánchez, Estela Loureiro Morado, Sonia Morais Mellid, Pablo Prado Cagiao, Francisco Martínez Maceiras, Rubén Iglesias García, Víctor A. Fernández Rodríguez, Esther Álvarez Silvent, Xosé Espiño Abeledo, Cristina Ambrosa Fraga e Gaspar Martínez Rodríguez. Exponen o traballo sobre dos Maios: Patricia López Fernández e Mónica Boado González. Dirixiu o traballo sobre dos Maios: Xosefina Otero. Música e coreografía: Mª Carmen Rodríguez e decorados: Jorge Saavedra.

A grei infantil pasouno moi ben e os demais tamén.

O dia 29 do mesmo mes de maio celebrouse na mesma sala a estrea da obra OS CRAVOS DE PRATA, de Nicolás Bela, traducida ó galego por Francisco Pillado.

NICOLAS BELA, actor, director e autor teatral, naceu en Hungría e morreu nos E.U.A. Foi director de Teatro da Concordia de Budapest e nos Estados Unidos traballou como guionista e

axudante de producción en Hollywood, sendo perseguido politicamente polo Comité de Actividades Antinorteamericanas. A obra desenroláse en Irlanda e amosa un velatorio dun home que finxiú a súa morte, retratando o carácter irlandés (tan semellante ó galego) dun xeito verdadeiramente xenial. Este autor, que nada tiña que ver con Irlanda, captou a idiosincrasia das súas xentes, no lugar onde viviu moitos anos, Hollywood, poboación da que se chegou a dicir que había nela máis irlandeses que na verde e antiga Erin.

FRANCISCO PILLADO MAYOR é un intelectual que adicou praticamente a súa vida ó teatro. Cofundador dos grupos O FACHO, LUIS SEOANE e ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA. Autor, con Manuel Lourenzo, do Diccionario do Teatro Galego. Verqueu ó noso idioma moitas obras teatrais, entre elas a que comentamos, que foi representada polos seguintes mozos e mozas betanceiros: Santiago Mosquera, Inés Lareo Sánchez, Belén Lomba Sánchez, Francisco Teijeiro Barge, Ana Maceiras Fernández, Carmen Rodríguez Sánchez e Amaya García Sánchez.

A representación constituiu un éxito artístico e de público que seguíu, entendeu e reaccionou perfectamente nas distintas escenas da obra, premiándoa con moitos e merecidos aplausos.

Xulio Cuns

## ASOCIACIÓN CULTURAL "EIRA VELLA"

A Asociación Cultural "Eira Vella" constitúese a finais de 1992 coa finalidade de promover a normalización da lingua e da cultura galega, fomentar a cultura, a ciencia, as artes, a educación e outras materias análogas.

A súa xunta directiva durante o ano 1993 estivo constituída por Xesús Torres Regueiro, presidente; Xosé Manuel Montero, vicepresidente; Xulio Cuns Lousa, secretario; Hipólito Pérez Novo, tesoureiro; Henrique Seoane, Xurxo Nieves e Luis Otero Sánchez, vocais.

A primeira actividade pública da asociación tivo lugar o sábado 6 de marzo de 1993, cunha homenaxe ao poeta de Guitiriz Xosé María Díaz Castro, falecido un par de anos antes, quen fora gañador dos xogos florais de Betanzos de 1946. No acto proxectouse o vídeo "Nimbos de poesía" e a continuación o rapsoda Daniel Martínez recitou os poemas de Díaz Castro galardonados en Betanzos e o poeta Manuel María falou sobre a personalidade e a obra do homenaxeado.

O 16 de abril presentouse o volume colectivo "Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra", da colección de historia de *A Nosa Terra*, con participación de Francisco Carballo pola empresa editora, Dionisio Pereira como co-autor e coordinador do volume e de Xesús Torres como autor do apartado dedicado a Betanzos.

Por causas alleas á asociación a actividade prevista para conmemorar a celebración das Letras Galegas, adicada este ano a Blanco Amor, non pudo levarse a cabo.

A finais de outubro celebráronse as I Xornadas sobre a Lingua, co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística e da Deputación Provincial da Coruña. O venres 22 os cregos Manuel Espiña e Xosé Fidalgo, xunto co teólogo Xosé Chao Rego, debateron sobre o tema do uso do galego na Igrexa. O martes 26 a asociación presentou a edición facsímile da revista "Rexurdimento", que se publicara en Betanzos nos anos 1922 e 1923, integralmente en lingua galega. Esta iniciativa foi saudada publicamente por persoeiros da cultura (como os poetas García-Bodaño e Manuel María)

The logo consists of a central five-pointed star. Around the perimeter of the star, the words "POMBA", "BOLBORETA", "ANDORINA", "LEDICIA", "GARIMO", "VAGALUME", "AMOR", and "MORRIÑA" are written in a circular, slightly irregular pattern. To the right of the star, the word "EIRA VELLA" is written vertically in a bold, sans-serif font. Below the star, the number "I" is centered, indicating the first edition of the Xornadas.

I

Xornadas sobre a Lingua

Betanzos. Outubro 1993. Aula Municipal de Cultura  
Asociación Cultural "Eira Vella"

## REXURDIMENTO




Edición Facsímile  
da revista publicada en Betanzos no 1922 e 1923

en varios xornais como unha importante recuperación cultural e mesmo tivo eco nalgúnha prensa portuguesa. As xornadas pecháronse cunha conferencia do catedrático de lingua galega da Universidade da Coruña, Xosé María Dobarro, sobre "O galego na súa historia".

A Xunta Directiva

## "VIVE A NATUREZA" 1993



Desde que o programa de educación ambiental "Vive a Natureza" comenzou a funcionar aló polo ano 1987, tivo sempre un obxectivo xenérico e irrenunciábel cara ó que cada ano intentamos camiñar: ir desenvolvendo nas novas xeracións e na sociedade en xeral, un novo xeito de relación entre as persoas e a natureza e unhas novas e más xustas relacións humanas, basadas na tolerancia, o respeito e a solidariedade.

Este ano a Concellería de Cultura e a Cooperativa CEM volcáron-se especialmente neste último aspecto, abordando-o a través de distintas actividades.

Así, a declaración do 93 como Ano Internacional dos Povos Indíxenes, serviu de pretexto para organizar a *Semana dos Povos Indíxenes*, que tiña como obxectivo dar a coñecer a diversidade cultural que representan os máis de 5.000 povos que áinda existen, pero sobre todo o que pretendía era ensinar-lles aos participantes a valorar positivamente esta diversidade cultural hoxe tan amiazada e ao mesmo tempo reflexionar sobre o papel da nosa sociedade na péssima situación na que algunha destas culturas se encontra. A Semana compúxose de tres charlas colóquio, un video foro e unha exposición, "A Amazónia e Nós" de artesanía, paneis e documentación sobre a Amazónia, a maior masa forestal ininterrumpida da terra na que se reproducen a grande escala a maior parte dos problemas ambientais que están deteriorando o noso planeta.

A exposición foi visitada con enorme éxito polos máis de 50 cativos/as que desde hai máis de catro anos participan nos "*obradoiros do meio rural*", un obradoiro ao que cada venres nenos e nenas das parroquias de Castro, Infesta, Piadela, Tiobre e Xan Rozo acoden coa intención de

aprender algo novo sobre a natureza que lles permita defendé-la mellor no futuro.

Tamén o programa de colaboración co Instituto, que se iniciara o ano pasado con notável acepción, desenvolveu actividades centradas nas relacións humanas. Os mozos e mozas de 1º participaron nun *obradoiro sobre étnias e solidariedade intercultural* no que se puxeron de manifesto as desigualdades que siguen existindo hoxe en día e no que se lles deu resposta a moitas interrogantes que neste campo había. Foi unha semenza na conciencia dos máis novos que esperamos dé os seus frutos na construción dun futuro máis solidario. Un futuro que inexorablemente debe pasar por un respeito e igualdade entre o home e a muller, como quedou de manifesto no *obradoiro de educación non sexista* que os alumnos de 2º de BUP realizaron.

Nun programa chamado "Vive a Natureza" non podíamos deixar de acercármelo-nos cada ano un pouco máis a ela. Este acercamento fixo-se este ano posibel gracias ao *programa de colaboración coa escola* que centrou os seus esforzos no achegamento a dous meios ben cercanos, pero moi descoñecidos: o bosque e o río.

A actividade desenvolviu cos rapaces de 3º e 4º de EXB comenzaba cunha charla con diapositivas na que se lles mostraba cada un destes ecosistemas coa súa complexidade e problemática. Continuaba cunha saída ao Bosque de Cecebre e ao Río Mendo, respectivamente, e remataba cun obradoiro na aula, na que se facían murais, xogos e iniciación ao manexo de lupas.

Fóra xa da programación escolar, realizou-se unha apaixonante visita ás Covas do Rei Cintolo en Mondoñedo que nos permitiu coñecer a vida nas covas e dar os primeiros pasos no apaixonante mundo da espeleoloxía.

No verán, realizou-se un *campamento de educación ambiental* na Costa da Morte que tivo como novedade más importante o uso da bicicleta como meio de transporte lúdico e ecolóxico, un minicampamento para os más cativos no Río Parga e un itinerario ao Bierzo.

E todo isto foi posible gracias á acollida que cada ano teñen os nosos programas, que intentan educar para vivir en harmonía coa natureza

C.E.M.  
Cooperativa de Educación Medioambiental

## ESCOLA TALLER "PASATIEMPO" Las Escuelas Taller: trabajando para el futuro

Hace algo más de tres años se inició en nuestra localidad la primera experiencia de lo que se iba a convertir en una actuación de gran ámbito social que hoy puede mostrar con éxito su realización: EL PROGRAMA DE ESCUELA TALLER.

Promovida por el Excmo. Ayuntamiento de Betanzos, y recogida e impulsada por el Ministerio de Trabajo, tiene como principales objetivos compaginar dos necesidades evidentes: por un lado, la de restaurar y tratar de recuperar en lo posible para su uso actualizado múltiples elementos de nuestro patrimonio artístico, natural o urbano; y por otro, la de dar formación en oficios que puedan constituir su medio de vida futuro a jóvenes trabajadores sin empleo. Se pensó en casar ambas necesidades, aplicando la máxima de "aprender haciendo", a la rehabilitación de edificios monumentales y parajes naturales de indudable valor histórico y cultural, a los que el paso del tiempo, la desidia, la falta de medios o todo ello junto, había puesto en vías de creciente deterioro, y se vio que la fórmula funcionaba: chicos y chicas, muchos de los cuales carecían de toda experiencia laboral, aprendían bien los aspectos teóricos y prácticos de oficios diversos, y bajo la dirección y tutela de buenos profesionales, eran capaces de ajardinar zonas, crear nuevos parques y lugares de ocio y esparcimiento, restaurar antiguos edificios, construir un depósito y red de distribución de agua para abastecer a la zona rural, construir e instalar papeleras artísticas, tallar piedras y colocar placas en el casco antiguo de la



ciudad, realizar fuentes y otros elementos ornamentales, restaurar cruceiros, etc.

Se puede comprobar que, armonizando con orden, planificación y respeto arquitectónico, todas estas tareas, realizadas por jóvenes que con ello estaban aprendiendo, se ponían de nuevo en pie obras tan importantes como el edificio de las antiguas Escuelas de San Francisco, que durante años estuvo en estado ruinoso, se recuperaba el Parque Pablo Iglesias y se adecuaba y acondicionaba el cauce y márgenes del Río Mandeo y Campo de los Caneiros, que presentaba un estado de total abandono.

En septiembre de 1993, finalizó el primer proyecto de Escuela Taller desarrollado en Betanzos y que durante 3 años formó a 135 alumnos-trabajadores en las especialidades de Cantería, Carpintería, Construcción, Jardinería, Forja, Medio Ambiente, Atención Social y Redes Hidráulicas (Encofradores y Fontaneros), y a diciembre del mismo año, comenzó un nuevo programa de Escuela Taller como consecuencia de la aprobación de un proyecto que durante tres años, o 18 meses en algunas especialidades, formará a 60 jóvenes en las especialidades de Carpintería, Cantería, Albañilería, Jardinería Medioambiental y Fontanería.

De esta forma, el Excmo. Ayuntamiento continúa interviniendo de forma eficaz contra el grave problema del desempleo juvenil, manteniendo ininterrumpidamente una labor tan importante como es la formación e inserción profesional de los jóvenes que está formando y favoreciendo sus oportunidades de empleo en ocupaciones relacionadas con la recuperación o promoción del patrimonio histórico, artístico, cultural o natural.

*Justo Javier Pedreira Dopico*

## Hacia una sociedad de ocio

Está moi difundido na linguaxe cotiá o concepto de OCIO e de TEMPO LIBRE como sinónimos, esquencendo que o tempo libre ten un claro referente ó tempo de non traballo e o OCIO fai referencia a un tipo de actividade diferente ó TEMPO LIBRE que ten a característica de ser libre, ter valor en si mesmo, estar controlado polo individuo para a consecución dunha vivencia planteira coa súa práctica.

Dende esta perspectiva o ocio pode ser un subconjunto do denominado tempo libre, no senso de ser realizado nese momento espacio temporal, pero non se pode identificar con él.

Unha *siesta* despois de xantar, unha partida de cartas cos amigos, a práctica dunha actividade deportiva ou xogo, a lectura dun libro, a asistencia a unha obra de teatro, a tertulia cos amigos, etc. corresponden a actividades que se realizan no tempo libre pero obviamente non todas corresponden ó ocio do individuo.

O OCIO corresponde a un tempo libre "ocupado" con contido próprio e con diferencias de matiz segundo a idade dos individuos. Antigamente non se dispoñía dese tempo adicado ó ocio, porque a nosa vida laboral ocupaba todo o tempo destinado á satisfacción das necesidades biolóxicas esenciais, dormir, comer... Agora aparecen termos como a "sociedade do ocio", a "cultura do ocio" encabezados polos medios de comunicación e polo sistema económico das empresas dedicadas á confección de artigos e complementos deportivos e de dietética ou macrobiótica, que normalmente teñen referentes de producción e de vendas más que de saúde: adecuación á idade dos usuarios ou características psicobiológicas dos "consumidores".

Hay unha certa alienación subliminal nas mensaxes que nos envía a publicidade deste outro

"ocio", máis mercantilizado, pero tremadamente eficaz, que tanto dano esta a facer entre a capa máis desasistida da nosa sociedade como é a infancia e a xuventude.

Sen dúbida o cidadán ten que estar preparado para poder contrarrestar a influencia tan asombrosa que poden exercer estas "maquinarias" tan poderosas dos "mass media".

Os métodos e as dietas adelgazantes, o afán desmedido polo triunfo deportivo (como reflexo do individualismo e competitividade social e laboral), a totemización da imaxe corporal imposta pola moda actual producen nos xoves frustación, rexeito e non aceptación do noso corpo, disfuncións orgánicas e psicolóxicas graves (anorexias, bulímias, alteracións na regla en numerosas mulleres...) e apatía por falta de estímulos positivos. Os símbolos masculino e feminino (fortes, musculosos, beleza helena, triunfadores) que hoxe temos como modelos son moi difíciles de acaer para a maioria da xuventude, provocando neles unha serie de alteracións psíquicas ou físicas.

Frente a esta "cultura do ocio" alienante, o individuo non lle queda mais remedio que opoñerse cun arma eficaz que é a liberdade de elección e unha certa reflexión constante acerca da saúde, do disfrute persoal na realización das nosas aficiones e do noso equilibrio humano.

En Betanzos temos as condicións idóneas para que esta reacción sexa más contundente, pois a oferta deportiva institucional é más polivalente e diversificada da que pode acadar a case totalidade da poboación.

Non estou mencionando a oferta de actividade (escolas deportivas municipais, cursos de natación, etc.), senón a vertebración dun ambicioso plan de infraestructura encamiñada a dotar de instalacións deportivas para uso e disfrute dos betanceiros.

O entorno do Pasatempo coa piscina municipal, pabellón cuberto, campos de fútbol, pista de ciclismo, pista descuberta, etc., marca un punto de referencia importante á hora da elección do tipo de actividade a realizar.

Pero isto é insuficiente se non contamos cos recursos humanos que fan, co seu traballo, que esta práctica do noso ocio deportivo sexa posible. Estoume referindo á aportación dos clubes e entidades deportivas, ós profesores das escolas deportivas municipais e este outro persoal que está máis na sombra, pero que é tremadamente eficaz

para que este engranaxe funcione como son os servicios de limpeza e de mantemento dos diferentes entornos.

Esta oferta municipal posibilita que o OCIO dos cidadáns de Betanzos poida ser libre, placenteiro, equilibrado e adaptado a tódalas capas de poboación, como corresponde á utilización do tempo libre dunha maneira máis racional e satisfactoria.

Un exemplo do enfoque que o Concello de Betanzos quere dar á actividade físico deportiva está na Festa do Deporte Municipal e a Festa Acuática, eventos de recente celebración, que a modo da exposición mostran un estilo máis lúdico e desenfadado de facer unha actividade.

A partir de aquí sería importante integrar a nosa práctica deportiva dentro dos nosos hábitos cotiás como fonte de saúde e non como castigo corporal ó servicio dos intereses comerciais que nada teñen que ver coa nosa realidade humana. As posibilidades térmolas cerca, só é necesario un pequeno cambio de mentalidade. □

Miguel Sánchez Ortiz

## BANDA MUNICIPAL DE BETANZOS

Como xa dixemos na memoria do ano pasado, no mes de setembro comenzou para a Banda Municipal unha nova etapa con novedades importantes que van a supoñer para os integrantes da institución melloras, tanto musicais como culturais.

Ós dous novos directores, D. Raúl Galán Cerveró e D. Juan Antonio Ferrer Cerveró, úñese un profesor de percusión, D. Benito García Valdivieso, pertencente á Banda Militar da Coruña, que imparte clases da especialidade os sábados de 10 a 12 horas na Aula Municipal de Cultura.

A partir desta nova etapa fanse ensaios xerais os mércores de 8 a 10 da noite e os sábados de 12 a 14, nos que se tocan en conxunto as obras que se interpretarán no concerto que esté programado.

É de destacar o nivel acadado pola agrupación, gracias ó tesón e bon facer destes magníficos directores que están a conseguir unha Banda de calidade case profesional.

No 1993 a Banda non saíu a outros concellos, pero si mantivo un forte traballo de estudio e ensaio, xa que o obxectivo principal é o de

incrementar o nivel e a técnica dos integrantes da Banda.

A xente xa pode ver algúns froitos saídos destes obxectivos premarcados polos directores, como son que neste ano 93 se prepararon preto de 35 obras de tódolos estilos, destacando pasodobles, música galega, zarzuela e clásica.

As actuacións como xa dixemos foron poucas e tan só se fixeron cumplindo os compromisos propios do Concello e algún que outro concerto en datas sinaladas ou cunha función social:

**7 de xaneiro**, dentro dunha xornada de convivencia na Residencia García Irmáns.

**17 de maio**, para a inauguración do Centro Cultural Santo Domingo.

**30 de maio**, no ciclo adicado ó Día das Letras Galegas. Foi un concerto organizado pola "Asociación Amigos de la Banda".

**14 de xuño**, adicado ós nenos de 1º de EXB do Colexio Público "Vales Villamarín", faise o "*I Concerto Didáctico*", co fin de acercar a música ós nenos, no que se lles leva por unha viaxe a través da historia da música e dos instrumentos musicais.

**8 de xuño**, dentro do "*I Ciclo de Música no Museo*" fixose un concerto no patio do Convento de Santo Domingo no que se estrenou "*El Tren de la Alegría*", obra descriptiva composta para a inauguración da liña férrea Betanzos-Ferrol.

**28 de novembro** e dentro do Ciclo adicado a Santa Cecilia, faise a "*I Fiesta de la Ilusión*" na que despois da súa preparación na Escola Municipal de Música e no Conservatorio, pasan a formar parte da Banda dous novos rapaces. O acto consistiu en ilos buscar ás súas casas con pasarrúas e facer unha misa. Logo, á tarde, un concerto adicado a eles no que se lles fai entrega dunha placa conmemorativa.

**19 de decembro**, Concierto de Nadal.

Para o vindeiro ano están previstos uns intercambios coas agrupacións de Toro (Zamora) e Luarca (Asturias).

É de destacar a función do Concello de Betanzos, que está a axudar, por medio dunha subvención, a que os membros da Banda poidan estudiar gratuitamente no Conservatorio e que se posúa nesta cidade unha agrupación musical con directores tan cualificados como os que temos. Tamén é palpable a preocupación da Concellería de Cultura en facer que a Banda sexa unha especie de embaixadora da nosa cidade aló por onde vaia. □

José Luis Casal Castro.